



SI

As mulleres no sector TIC

Edición 2021



XUNTA
DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Índice de Contidos



1. Introducción	Páx. 4
2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 6
2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC	Páx. 7
2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 11
2.3 O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 21
2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 28
3. Conclusións	Páx. 33



I. Introducción


I. Introducción

Obxectivos

- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

Fontes de Información

- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.





2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia

2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



No 2021, a presenza de mulleres no Hipersector TIC aumentou nun 6,9% respecto ao ano anterior, acadando un total de 8.511 traballadoras.

O 32,8% dos traballadores do Hipersector TIC son mulleres, o que sitúa a fenda de xénero nos 34,4 puntos porcentuais.

No marco do Hipersector TIC, o Sector Contidos é o que aglutina a maior presenza de mulleres co 41,5%, o que sitúa a fenda de xénero deste grupo de actividades en 17 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo


Ano 2021

No 2021, os datos relativos ao emprego no Hipersector TIC amosan que a fenda de xénero sitúase en 34,4 puntos, sendo o 67,2% dos traballadores homes e o 32,8% mulleres.

A análise por subsectores indica que:

- No Sector TIC, as mulleres contan cunha menor representatividade (30,6%). Neste sector a fenda de xénero é de 38,8 puntos porcentuais.
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha representación do 41,5%, polo que se reduce a fenda de xénero a 17 puntos porcentuais.

	% Mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	30,6%	38,8 puntos
Sector Contidos	41,5%	17 puntos
Hipersector TIC	32,8%	34,4 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo

Evolución 2019-2021

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	31,1%	68,9%
Sector Contidos	41,5%	58,5%
Hipersector TIC	33,4%	66,6%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,4%	69,6%
Sector Contidos	41,2%	58,8%
Hipersector TIC	32,6%	67,4%

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,6%	69,4%
Sector Contidos	41,5%	58,5%
Hipersector TIC	32,8%	67,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No ano 2021, as afiliacións á Seguridade Social de traballadores/as do Hipersector TIC incrementáronse lixeiramente nun 6,3% (1537 persoas).

Desde unha perspectiva de xénero, o emprego feminino no Hipersector TIC experimentou un crecemento do 6,9% respecto ao ano 2020. Este crecemento prodúcese sobre todo no sector TIC, que tivo un incremento dun 8% no emprego feminino con respecto ao ano anterior.

Novamente, é o sector de Contidos o que ten unha maior contratación de mulleres, que supoñen o 41,5% do total dos seus empregados e empregadas.




Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime

Evolución 2019-2021

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	35,0%	65,0%
Autónomas	24,5%	75,5%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,3%	65,7%
Autónomas	23,8%	76,2%

Ano 2021		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,4%	65,6%
Autónomas	24,1%	75,9%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O incremento xeral no emprego do Hipersector TIC en 2021 procede do crecemento no volume de traballadores/as do Réxime Xeral, onde o crecemento relativo do emprego foi do 6,7% respecto ao anterior. O volume de traballadores / as do Réxime especial de autónomos tamén medrou neste último ano nun 4,3%.

Considerando o colectivo de mulleres traballadoras, tanto o emprego no réxime xeral como no réxime especial de autónomos experimenta un incremento en 2021. O crecemento de afiliacións á Seguridade Social no réxime xeral foi do 7% e no réxime especial do 5,6% máis que no 2020.

2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero



As empresas dedicadas ás Actividades Informáticas, son as que empregaban o maior número de traballadoras no Sector TIC no ano 2021. Dentro das empresas desta área económica empregáronse, no ano 2021, 4.017 traballadoras.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC

Evolución 2015-2021

No 2021, as traballadoras do Sector TIC afiliadas á Seguridade Social eran 6.356, o que supón un crecemento do 8% respecto ao ano 2020. Este incremento de traballadoras no Sector TIC, reduce tamén a fenda de xénero ata os 38,8 puntos porcentuais.

No período 2015- 2021, o emprego feminino no sector TIC aumentou en 1.171 traballadoras (+22,6%). Non obstante, o peso da muller no sector TIC descende progresivamente en 2,4 puntos porcentuais neste período porque o ritmo de crecemento do emprego masculino é superior (+37%)

	Mulleres	Homes
Ano 2015	33,1%	66,9%
Ano 2016	32,9%	67,1%
Ano 2017	32,1%	67,9%
Ano 2018	31,6%	68,4%
Ano 2019	31,1%	68,9%
Ano 2020	30,4%	69,6%
Ano 2021	30,6%	69,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por réxime

Evolución 2019-2021

	Ano 2019	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,6%	67,4%
Autónomas	22,9%	77,1%

	Ano 2020	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	31,9%	68,1%
Autónomas	22,0%	78,0%

	2021	
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,2%	67,8%
Autónomas	21,6%	78,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A fenda de xénero no Réxime Xeral no sector TIC diminúe respecto ao ano 2020 en 0,6 puntos porcentuais. No caso do Réxime Especial Autónomos, as mulleres só representan o 21,6%, o que supón o incremento da fenda de xénero respecto ao ano anterior en 0,8 puntos porcentuais.


Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por subsectores económicos. Ano 2021

O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC, en termos absolutos, rexístrase en empresas adicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.017 traballadoras no ano 2021.

Tendo en conta á representación porcentual, é, no sector das Telecomunicacións onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres, cun 39% traballadoras.

No 2021, o sector con menor representación feminina é o sector de Manufactureiras TIC, con 136 postos, o que supón que unicamente o 19,3% de postos están ocupados por mulleres.

	% Mulleres
1. Manufactureiras TIC	19,3%
2. Telecomunicacións	39,0%
3. Actividades informáticas	29,9%
4. Comerciais TIC	23,6%
5. Outros Servizos TIC	27,7%
Total sector TIC	30,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR TIC



1. Manufactureiras TIC

2. Telecomunicacións

**3. Actividades
informáticas**

4. Comerciais TIC

5. Outros servizos TIC





1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2021

	% Mulleres
CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos:	10,0%
CNAE 262: Fabricación de ordenadores:	11,4%
CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións:	20,7%
CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo:	14,3%
TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC:	19,4%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2021

	% Mulleres
CNAE 611: Telecomunicacións por cable:	41,6%
CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos:	32,0%
CNAE 613: Telecomunicacións por satélite:	20,0%
CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións:	27,4%
TOTAL TELECOMUNICACIÓNS:	39,1%





3. Actividades Informáticas

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2021

	% Mulleres
CNAE 620: Actividades de programación o consultaría:	29,8%
CNAE 631: Procesos de datos:	33,3%
TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:	29,9%





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2021





Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros Servizos TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2021

	% Mulleres
CNAE 582: Edición de videoxogos:	30,6%
CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos:	27,0%
TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC:	27,7%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.3. O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero



O 41,5% dos traballadores/as do sector contidos son mulleres. Novamente, son ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais as que teñen unha maior presenza de mulleres.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos


Evolución 2015-2021

No ano 2021 obsérvase lixeiro incremento no número de mulleres contratadas no Sector Contidos, en consonancia co o crecemento do emprego neste subsector.

Entre as mulleres as afiliacións á seguridade social incrementáronse nun 3,7% dende 2020, o que sitúa a fenda de xénero nos 17 puntos porcentuais.


A evolución da presenza da muller no sector mantense estable no período 2015-2021, cun peso do 41% ao longo de todo o período.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	41,5%	58,5%
Ano 2016	41,3%	58,7%
Ano 2017	41,7%	58,3%
Ano 2018	41,9%	58,1%
Ano 2019	41,5%	58,5%
Ano 2020	41,1%	58,9%
Ano 2021	41,5%	58,5%



Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime

Evolución 2019-2021




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No 2021, no Sector Contidos, as afiliadas á Seguridade Social a través do Réxime Xeral representan o 43,8%. En termos absolutos, descende a fenda de xénero no réxime xeral, pasando dunha diferenza entre homes e mulleres de 523 traballadores no ano 2020 a 517 no ano 2021.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por subsectores económicos. Ano 2021

Un ano máis, os dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos, superan o 40% de mulleres traballadoras, o que confirma a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.

	% Mulleres
Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son:	42,1%
Medios de información:	40,6%
TOTAL SECTOR CONTIDOS	41,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR CONTIDOS

1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

2. Medios de información




1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2021

	% Mulleres
CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais:	44,5%
CNAE 591: Actividades cinematográficas, de vídeo e de programación de televisión:	40,9%
CNAE 592: Actividades de gravación de son e edición	12,5%
TOTAL EDICIÓN DE LIBROS E ACTIVIDADES RELACIONADAS CON CINE, TV E SON:	42,1%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de Información

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2020


CNAE 601: Actividades de radiodifusión:	% Mulleres
CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión:	
CNAE 639: Outros servizos de información:	
TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN:	

39,6%

39,0%

43,8%

40,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia



O 65,9% das empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal.


Só no 11% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal.

2.4. Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia




O 65,9% das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. Pola contra, se analizamos a porcentaxe de empresas nas que máis da metade do seu persoal son mulleres, o dato redúcese ata o 11%.

Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

Empresas TIC nas que máis da metade do seu persoal son mulleres




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



No cadro de persoal das empresas TIC de Galicia, a pesar de que os homes teñen presenza maioritaria nas tarefas de dirección e especialmente en funcións específicas TIC, no 2021, a fenda de xénero redúcese en 5,8 puntos respecto ao ano 2020, acadando os 28,8 puntos.

Distribución porcentual media do persoal das empresas TIC




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 20,6% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 26,7% dos homes e o 8,6% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 18,1 puntos porcentuais.

No caso dos ciclos formativos superiores a fenda de xénero acada os 18,6 puntos porcentuais.



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia



3. Conclusiones

3. Conclusións



No 2021, 8.511 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego, o que representa o 32,8% dos empregos.

No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 41,5%, o que reduce a fenda de xénero a 17 puntos porcentuais.



O Sector TIC rexistrou 6.356 mulleres afiliadas á Seguridade Social, o que supón o 30,6% dos traballadores/as do sector, no ano 2021.

O maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas dedicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 4.017 traballadoras no ano 2021.



No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2021 as 2.155, o que supón un incremento do 3,7% dende o ano 2020.

A evolución da presenza da muller no subsector contidos mantense estable no período 2015-2021, cun peso aproximado do 41% ao longo de todo o período.

A actividade onde as mulleres contan con maior presenza é "Edición de libros, e actividades relacionadas con cine, televisión e son" (42,1%).



O 26,7% dos homes e o 8,6% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 18,1 puntos porcentuais

En canto aos roles nas empresas, a muller segue a estar infrarepresentada nos postos de liderado, xa que só o 20,6% das empresas TIC galegas contan con algunha muller en postos de dirección.



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA